

1/14/2019 6:35:00 PM

O SUBSTANTIVO

Raquel B.V.

XÉNERO E NÚMERO

Os nomes poden ter xénero **masculino** (neno) ou xénero **feminino** (nena).

Os nomes están en **singular** se fan referencia a un só elemento (moniño, árbore) , e están en **plural** se fan referencia a varios elementos (pólas).

FORMACIÓN DO FEMININO

Os substantivos que no masculino **rematan** en **-o** e en **-e** **cambian** esa vogal **por -a**: o mono – a mona, o mestre – a mestra.

Os substantivos que rematan en **vogal tónica engaden -a**: avó – avoa.

A maior parte dos **rematados en consoante** engaden **-a** : rapaz- rapaza , autor – autora.

Algúns substantivos teñen **forma distinta** para masculino e feminino: cabalo – egua, home – muller, actor – actriz.

1.Escribe o feminino dos seguintes nomes:

Galo	patrón	xuíz	elefante	
Señor	león	xenro	irmán	emperador

2. Emparella os substantivos masculinos co feminino que corresponda en cada caso:

Carneiro	rei	can	padriño	boi
cadela	ovella	raíña	vaca	madriña

FORMACIÓN DO PLURAL

Os substantivos que **rematan en vogal** ou en **-n** **engaden -s**: restaurante- restaurantes, man-mans

Os **rematados en -l** **engaden -es**: pel-peles, caníbal –caníbales; pero se son **agudas**, **perden o -l** e **engaden -is**: animal –animais.

Os que **rematan en consoante distinta de -n** ou **-l** **engaden -es**: pintor – pintores, voz – voces , compás – compases.

Os **estranxeirismos** adoitan facer o plural en **-s**: baobab - baobabs

1. Forma o plural das seguintes palabras:

azul, petición, protagonista, cómic, mantel, cruel, construtor, val,
nariz, hámster, túnel, mil, portal, curmán, cruz, réptil.

2. Escribe estes nomes en masculino plural e feminino singular.
Xefe, español, leñador, bisavó, actor, héroe, alemán, sogro e pai.

1/14/2019 6:35:00 PM